



C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da
Constitución

BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL MEDIANTE CONTRATO POR OBRA OU SERVICIO DETERMINADO DUN/HA TÉCNICO/A EN ORIENTACIÓN LABORAL.

1.- OBXECTO

O obxecto das presentes bases é regular a contratación laboral temporal, a través da modalidade contractual de “*obra ou servizo determinado*” por un prazo de 12 meses, dun/ha Técnico/a en orientación laboral, co obxecto de mellorar o acceso o mercado de traballo das persoas desempregadas.

O contrato formalizarase baixo a fórmula de servizo determinado e a tempo completo, condicionada a súa duración a subvención concedida para os anos 2016 e 2017 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria (Orde do 29 de decembro de 2015).

A duración do contrato será dende o 15 de novembro de 2016 ata o 14 de novembro de 2017, podendo realizarse prórrogas, sempre que exista mutuo acordo entre as partes, para cada unha das anualidades subvencionadas pola Conselleira de Economía, Emprego e Industria sempre que exista continuidade entre períodos contractuais.

O custe salarial da presente contratación ascende a 23.000,00 euros financiado na súa totalidade pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

2.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para tomar parte na selección, os/as aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes e que estean debidamente xustificadas:

- **a)** Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arreglo ao disposto no artigo 52, permita o acceso ao emprego público.
- **b)** Estar en posesión da titulación esixida ou estar en condición de obtela.
- **c)** Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- **d)** Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.



C O N C E L L O

D E

36670 CUNTIS

(PONTEVEDRA)

Praza da
Constitución

- **e)** Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para ol desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- **f)** Acreditar coñecementos de galego a nivel do CELGA 4 ou superar unha proba equivalente

3.- SISTEMA DE SELECCIÓN

A selección realizarase mediante o sistema de concurso de valoración de méritos, que poderá incluír a realización dunha entrevista persoal.

Os currículos dos/das candidatos/as preseleccionados/as, serán enviados a Consellería no caso de que necesiten a súa avaliación, antes de proceder a contratación da persoa seleccionada.

4.- DOCUMENTACIÓN E PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes formalizaranse no modelo de instancia que se adxunta a estas bases e deberán presentarse no Rexistro do Concello ou remitilas por calquera dos medios previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, no prazo de **cinco días hábiles**, comezando a computarse dito prazo a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio no diario de maior de difusión, que coincidirá tamén coa súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Cuntis e na súa páxina WEB, sendo o horario de presentación de documentación de luns a venres: 9:00 a 14:00 horas e os sábados de 10:00 a 13:00 horas.

Se se envía a documentación por calquera dos medios previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, no mesmo día no que se faga o envío, deberase mandar mediante fax o modelo de instancia selado, para desta maneira ter coñecemento o Concello da presentación da mesma. Sen a concorrencia deste requisito, non será admitida a instancia se é recibida con posterioridade á data de terminación do prazo. Nº de fax: 986 533995.

Xunto coa instancia deberá achegarse a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI ou documento que proceda para cidadáns dalgún estado membro da Unión Europea.
- Declaración de non estar incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que impida o desempeño do posto de traballo. Así mesmo, declaración de non estar separado/a mediante expediente disciplinario algún do servizo das Administracións Públicas, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. (Anexo I).
- Fotocopia dos documentos que acrediten a titulación e a formación complementaria.
- Relación de outros méritos que alega e documentación xustificativa de cada un deles.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en todos os seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias.



C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da
Constitución

5.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN

O Tribunal, que terá como funcións a avaliación dos méritos alegados polos aspirantes e da proba escrita proporá a Presidencia o/a aspirante máis idóneo para a súa selección, e estará integrado polas seguintes persoas:

Presidente/a: A/o Secretaria/o do Concello de Cuntis. Ou persoal funcionario ou laboral en quen delegue.

Secretario/a: Un funcionario da Corporación ou persoal laboral que actuará con voz e voto.

Vocais:

O Interventor do Concello.

O axente de emprego e desenvolvemento local.

Técnica de Cultura do Concello.

O Tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza como mínimo de tres dos seus membros con dereito a voto, titulares ou suplentes indistintamente, sendo imprescindible a presenza do presidente e a/o Secretaria/o.

O Tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación. Tamén decidirá sobre como proceder nos casos non previstos nas presentes bases.

6.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN

O tribunal reunirse nos 3 días hábiles posteriores á finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Reunido validamente o tribunal quedará facultado para valorar exclusivamente os méritos alegados polos candidatos/as presentados ao proceso selectivo.

Valoraranse os méritos enumerados na cláusula 7ª de estas Bases. Para aqueles candidatos/as que non acrediten o coñecemento do galego, fixarase data e lugar para realización da proba correspondente, que se valorará como apto/a ou non apto/a.

Si fose necesario realizar unha entrevista persoal, esta versará sobre os méritos específicos alegados que teñan que ver coas características do posto de traballo a desempeñar.

Concluída a fase de concurso, o Tribunal fará públicos os resultados provisionais no taboleiro de anuncios e na páxina WEB do Concello, por orden de puntuación, dando un prazo de tres (3) días hábiles para presentar reclamacións.

Unha vez resoltas estas si as houber, publicarase a lista definitiva e elevarase a proposta de contratación ao Alcalde-Presidente do Concello de Cuntis.



C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da
Constitución

Tendo en conta a proposta efectuada polo tribunal o Alcalde-Presidente, ditará resolución de contratación do/a aspirante seleccionado/a.

Co resto de candidatos elaborárase unha bolsa de emprego (ata un máximo de tres), polo orde de puntuación obtido de maior a menor, e poderán ser contratados no caso de que se produza a baixa da persoa contratada.

O Tribunal formulará proposta de contratación en número que non exceda da praza a cubrir. Unha vez realizada a dita preselección remitirase a Delegación Provincial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, o currículo das persoas preseleccionadas, suficientemente acreditados.

Os/as técnicos/as da Consellería avaliarán os currículo presentado de acordo o baremo establecido. A acta de selección asinarase conxuntamente coa representante do Concello de Cuntis

Unha vez asinada a acta de selección de persoal que realizará as accións de información, orientación e busca de emprego, o Concello de Cuntis procederá á súa contratación.

7.-BAREMO XERAL DE MÉRITOS

Requisitos imprescindibles para superar a fase de baremación do currículo:

- 1.- Titulación media ou superior
 - 2.- Acadar como mínimo 7 puntos na valoración do currículo
- O baremo aplicado na valoración de méritos xerais será o seguinte:

1. Titulación académica máximo 2,5 puntos

- a. *Titulacións preferentes..... 2,5 puntos*
 - i. *Psicoloxía*
 - ii. *Pedagogía*
 - iii. *Psicopedagogía*
 - iv. *Socioloxía*
 - v. *Educación social*
 - vi. *Traballo social*
 - vii. *Diplomatura de relacións laborais*

2. Outra titulación media ou superior máximo. 1 punto

3. Formación complementaria máximo 2 puntos

- a. *Masters, cursos eta.. en materias relacionadas coa análise ocupacional, mercado de traballo, formación ocupacional, mercado de traballo, formación ocupacional, itinerarios formativos, técnicas de busca de emprego, técnicas de entrevista, orientación laboral, aplicación e valoración de probas psicotécnicas, técnicas de comunicación e motivación, adestramento en habilidades sociais, relacións laborais, traballo e dinámica de grupo, resolución de conflitos etc.....0,1 puntos por cada 30h. Lectivas.*



C O N C E L L O

D E

36670 CUNTIS

(PONTEVEDRA)

Praza da
Constitución

4. Experiencia profesional, (máximo 5 puntos) (Debera acreditarse mediante certificación oficial de vida laboral mais copia do contrato ou certificado de empresa en que consten as tarefas realizadas, e IAE no caso de traballadores/as autónomos/as. Cando se trate de colaboracións, bolsas, titorías, docencia, educación social ou servizos sociais, estes acreditaranse mediante certificacións de organismos oficiais.

- a. Por cada mes realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado, orientación laboral /profesional, titorías laborais con persoas adultas, inserción laboral etc.....0,05 puntos por cada mes
- b. Por cada mes realizando tarefas técnicas indirectamente relacionadas co posto ofertado, (Máximo 2 puntos neste epígrafe).....0,01 puntos por mes

5. Coñecementos de informática 0,25 puntos (Acreditarse con calquera diploma relacionado con cursos de informática)

6. Coñecementos de galego :

- a. Celga 40Puntos(requisito mínimo)
- b. Cursos de linguaxe administrativa medios.....0,2 puntos
- c. Curso de linguaxe administrativa de nivel superior0.5 puntos
- d. CELGA 5.....0,6 puntos

7. En caso de realizarse entrevista persoal valorarase entre 0 e 3 puntos.

No caso de empate terá prioridade o/a candidato/a que acredite maior puntuación no seguinte orde:

- 1ºQuen acredite unha segunda titulación das referidas no apartado a)
- 2ºQuen acredite maior experiencia nos últimos 6 anos realizando tarefas de orientador/a laboral.
- 3ºNo caso de prevalecer o empate farase unha entrevista persoal

8.- NOMEAMENTO E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Xustificada a documentación relativa ós méritos alegados procederá a formalización do contrato entre o Concello e o/a aspirante seleccionado/a.

Ata que se formalice o mesmo, o/a aspirante non terá dereito á percepción económica algunha.

O acordo definitivo de contratación que adopte o Concello será publicado no taboleiro de anuncios, para coñecemento de todos/as os/as aspirantes, que poderán interpoñer os recursos previstos na vixente lexislación.

Cuntis, 10 de setembro de 2016.
O Axente de Desenvolvemento Local,
José Antonio Sánchez Estévez



C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da
Constitución

MODELO DE INSTANCIA

D/a _____
provisto/a de DNI nº _____ con domicilio
en _____
C.Postal _____ Localidade _____ Municipio _____ Provincia _____
Teléfono _____

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Cuntis para a contratación dun/ha técnico/a en orientación /información cara o emprego.

DECLARO:

- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.
- Solicito ser admitido/a ó referido concurso e comprométome a someterme ás bases que o regulan.
- Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño do posto de traballo. Así mesmo, declaro que non estou separado/a do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

Cuntis, de _____ de 2016.

Asinado,
O/A INTERESADO/A

SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE CUNTIS.



C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da
Constitución

Anexo 1:

RELACIÓN DE MÉRITOS QUE SE XUSTIFICAN E FORMA DE ACREDITACIÓN:

-
-
-
-
-
-

Cuntis, de de 2016

Asinado,
O/A INTERESADO/A

SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE CUNTIS.